

Prezadas familias:

A día de hoxe, os casos activos de alumnado e profesorado notificados ao centro son 9 e a meirande parte deles estarán de alta nos vindeiros días.

Tanto as persoas con diagnóstico positivo como os seus contactos estreitos foron debidamente identificados e o equipo Covid contactou con eles para comunicarlles esta situación.

O protocolo de actuación ante unha situación Covid variou nos últimos días; estes son os **novos pasos a seguir** segundo as autoridades sanitarias:

- As persoas da comunidade educativa que sexan **caso confirmado** deberán permanecer **7 días en illamento**. Pasado este tempo, e **sempre que non tiveran síntomas durante cando menos os 3 últimos días**, poderán incorporarse ao centro, mantendo unha vixilancia activa sobre a aparición de posibles síntomas até completar polo menos 10 días desde o inicio do illamento.
- Os autotest (antíxenos) non requirirán dunha proba complementaria para confirmar o caso. Débese chamar ao **teléfono 881540045** para confirmar o positivo e poder obter a certificación de corentena.
- A definición e contacto estreito non variou
- O persoal docente e non docente, así como o alumnado de 12 ou máis anos, que teña a consideración de **contacto estreito con pauta vacinal completa non terán que facer corentena**.

De houber alguna novidade, poñerémonos en contacto coas persoas afectadas.

Aproveitamos para lembrar a importancia de observar as medidas de prevención en todo momento, tanto dentro como fóra do centro.

Agradecemos a colaboración e implicación de todas as familias.

Un afectuoso saúdo

A dirección